

BOLETÍN 3 DE ACTIVIDADES – UNIDADE 7: OS ANIMAIS INVERTEBRADOS

A continuación un ejercicio de Verdadero-Falso sobre a unidade dos invertebrados. A maneira de proceder para correxirvos os exercicios será a seguinte:

1. Ben o facedes na libreta e me mandades unha foto polo correo electrónico mlapido@iespobra.com. Tendes que indicar o número, se é verdadeira ou falsa e se é falsa a corrección. **Exemplo: 1.F: escribir a afirmación correcta.**
2. Ben facedes os exercicios no propio documento e mo enviades ao correo electrónico mlapido@iespobra.com. Neste caso ao final de cada afirmación indicades: Verdadeiro ou Falso, e se é falsa escribides a afirmación correcta. Todo o que engadades ao documento o tendes que poñer en cor VERMELLA.

Actividade 1. Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas. Recorda que as afirmacións falsas debes correxilas.

1. Todos os poríferos son de ambiente mariño
2. Os miriápodos viven en ambientes terrestres e secos
3. O corpo dos moluscos está dividido en tres rexións: cabeza, masa visceral e pé
4. Todos os invertebrados son mariños ou terrestres
5. Os bivalvos presentan unha cabeza moi desenvolvida
6. As estrelas de mar presentan unha cabeza ben diferenciada no centro do corpo
7. O corpo dos cnidarios ten unha única abertura que funciona como cabeza e ano
8. A cuncha dos bivalvos está formada por dúas pezas coñecidas como valvas
9. As medusas carecen de tentáculos, só teñen tentáculos a fase pólipo dos cnidarios
10. A cabeza dos miriápodos teñen un par de antenas e un par de mandíbulas
11. Todos os anélidos son de vida libre, non existen ningunha especie de vida parasita
12. Os cnidarios contan sa súa organización corporal con tecidos e órganos
13. As ofiúras poden ser carnívoras, preeiras ou filtradoras
14. Ningún cefalópodo presenta cuncha externa, todos eles ou teñen cuncha interna ou carecen dela
15. Os insectos son o grupo de animais máis abundante de todo o planeta
16. A cabeza dos gasterópodos está moi desenvolvida e adoita ter un par de tentáculos
17. As placas calcarias dos equinodermos forman o seu esqueleto externo
18. Os platihelminths caracterízanse por ter o corpo cilíndrico
19. Os pedipalpos dos arácnidos teñen unha función alimenticia

20. Os crustáceos presentan o abdome segmentado e no caso dos crustáceos acuáticos ao último segmento se lle coñece como telson
21. Os anélidos caracterízanse por presentar todos eles apéndices articulados
22. Os invertebrados poden ter o corpo recuberto por un exoesqueleto ou carecer del
23. As lombrigas intestinais son un exemplo de nematodos
24. Os bivalvos constitúen a clase de moluscos máis numerosa
25. Os insectos presentan un par de antenas con funcións táctiles e olfactivas
26. Os arácnidos caracterízanse por ter cinco pares de patas
27. Os bivalvos son animais sedimentívoros
28. As paredes dos poríferos están perforadas por numerosos poros
29. O abdome dos escorpións está segmentado mentres que o abdome dos arácnidos non
30. Dentro dos artrópodos destacan as seguintes clases: miriápodos, arácnidos, crustáceos e insectos
31. Os nematodos teñen o corpo segmentado en metámeros
32. Todos os arácnidos son carnívoros
33. Os cnidarios aliméntanse por filtración mentres que os poríferos son depredadores de pequenos organismos
34. Todos os artrópodos teñen o seu corpo dividido en cefalotórax e abdome
35. A gran maioría dos platihelmintos son parasitos
36. O pé dos moluscos é moi uniforme e a súa función é a de desprazarse
37. Os opilións, as forcadelas e os chinches son exemplos de insectos
38. As navallas, ameixas e zamburiñas pertencen á clase dos bivalvos
39. O abdome dos crustáceos non se encontra segmentado
40. Os ollos dos cefalópodos están moi desenvolvidos e lles permite unha visión moi perfeccionada
41. Os invertebrados son un grupo moi homoxéneo con pouca variedade de formas
42. Os cefalópodos poden ser carnívoros e herbívoros
43. O corpo dos insectos están divididos en tres rexións: cabeza, tórax e abdome
44. Todos os representantes do filo Equinodermos son animais mariños
45. Todos os anélidos presentan quetas que utilizan para desprazarse
46. Os crustáceos caracterízanse por ser un grupo exclusivamente mariño